



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO (EQUIPARADO AO GRUPO DE FUNCIONARIO C2) DO CONCELLO DE FOZ.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a contratación en réxime laboral temporal dun auxiliar administrativo do Concello de Foz, de acordo as bases do convenio formalizado polo concello de Foz e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego".

As función obxecto do contrato serán as propias dun auxiliar Administrativo de administración xeral adscrito a unidade de desenvolvemento local.

O contrato realizarase pola modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

As retribucións mensuais íntegras serán de acordo cos informes da Intervención Municipal equiparadas ás dos postos máis semellantes que figuren na RPT: 1.522,98 €/mes brutos incluídos todos os conceptos retributivos e parte proporcional de pagas extras.

II. DURACIÓN DO CONTRATO

A contratación laboral terá unha duración de sete meses e medio desde a formalización do contrato e un límite temporal do 30/10/2017. A prestación da xomada de traballo farase a xomada completa.

III. NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO de méritos, seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do EBEP.

Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na administración.



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

- 1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- 3.- Poseer a seguinte titulación: Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) ou equivalente, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.
- 4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.
- 5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 6.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

ESPECÍFICOS

- 7.- Celga 3 ou equivalente.

V- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

- 1.- As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Foz, no prazo de 5 días hábiles dende a publicación das presentes Bases na páxina web municipal (www.concellodefoz.es), e no taboleiro de edictos do Concello. A solicitude (anexo I) irá acompañada da seguinte documentación:



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (Fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

A solicitude (anexo I) irá acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- II. Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- III. Fotocopia compulsada Celga 4 ou equivalente.
- IV. Para acreditar a experiencia laboral presentaranse o seguintes documentos:
 - a) Documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada, en que conste a data de toma de posesión e do cesamento.
 - b) Copia compulsada do contrato de traballo.
 - c) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos prestados, no caso de Administración, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.
- V. Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso convocado.

2.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na web municipal do Concello.

3.- Durante os tres días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

4.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

VI. SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION.

O sistema de selección será de CONCURSO.

Valoración de Méritos

A tal efecto o Tribunal reunirse para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

A. Experiencia profesional. A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de 4 puntos.

a) En postos de traballo da administración local clasificados na categoría que se opta nos grupo C2 o grupo equivalente para o persoal laboral, e que teñan atribuído o desempeño de funcións administrativas: 0,3 puntos por mes completo ata un máximo de 4 puntos.

b) En postos de traballo da administración local clasificados nos grupo C1 o grupo equivalente para o persoal laboral, e que teñan atribuído o desempeño de funcións administrativas: 0,2 puntos por mes completo ata un máximo de 3 puntos.

c) En postos de traballo da administración local clasificados nos grupos C1 e C2, o grupo equivalente para o persoal laboral, y que teñan atribuído o desempeño de funciones administrativas: 0,1 puntos por mes completo ata un máximo de 2 puntos.

d) En postos de traballo de outras administracións diferentes da local, clasificados nos grupos C1, C2 o grupo equivalente laboral, con funcións propias da actividade administrativa: 0,05 puntos por mes completo ata un máximo de 1 puntos.

c) En postos de traballo de outras administracións diferentes da local, clasificados nos grupos A1 e A2 o grupo equivalente para o persoal laboral, con funcións propias da actividade administrativa: 0,025 puntos por mes completo ata un máximo de 0.5



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

puntos.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

Para acreditar a experiencia laboral presentaranse documentos:

- d) Documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada, en que conste a data de toma de posesión e do cesamento.
- e) Copia compulsada do contrato de traballo.
- f) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. .

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos prestados, no caso de Administración, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

B) Titulacións académicas. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 1,5 puntos.-

Por posuír titulacións académicas distintas da esixida para participar no proceso de selección. En todo caso, estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección ou estar relacionada coas funcións a desenvolver, na área económica:

- Ciclo medio ou Superior de FP ou equivalente na familia de administración e xestión: 0,25 puntos cada unha.
- Diplomado Universitario na rama das Ciencias Sociais e Xurídicas: 0,5 puntos cada unha.
- Grao/Licenciado Universitario na rama das Ciencias Sociais e Xurídicas: 0,75 punto cada unha.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

.

C) Formación. A puntuación máxima neste punto será de 3,5 puntos.

Pola realización de cursos impartidos pola Administración Pública (INAP, EGAP), Universidades, ou entidades dependentes delas, en materias relacionadas con: informática, análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de búsqueda de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, relacións laborais, traballo e dinámica de grupos, resolución de conflitos, lexislación xeral e sectorial.



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

- Por cursos de 15-49 horas: 0,05 puntos.
- Por cursos de 50-99 horas: 0,10 puntos.
- Por cursos de 100-299 horas: 0,25 puntos.
- Por cursos de 300 horas ou máis: 0.50 punto.
- Por cursos de 600 horas ou máis: 1 punto.

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos. Non se valorarán os cursos con duración inferior a 15 horas.

D) Colectivos con dificultades de integración laboral. A puntuación máxima neste punto será de 1 punto.

- 1) Por ser maior de 45 anos.....0,25 puntos
- 2) Por ser persoa vítima de violencia de xénero..... 0,50 puntos
- 3) Persoa con discapacidade..... 1,00 punto.

A puntuación do concurso de méritos terá unha puntuación máxima de dez puntos.

VII. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate no baremo de méritos, por dous ou máis candidatos farase os seguintes criterios de prelación:

1. A puntuación obtida na experiencia profesional.
2. A puntuación obtida nas titulacións académicas.
3. A puntuación obtida na formación.
4. A puntuación obtida nos colectivos con dificultades de integración laboral.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confecionárase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas



Concello de Foz
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)
Teléfonos:
982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00
www.concellodefoz.es

durante o período de contratación.

VIII. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/A aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditara mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

IX.- NOMEAMENTO DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o nomeamento a favor da persoa proposta polo Tribunal no prazo máximo de cinco días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

X. RECURSOS.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos poia Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Foz, 12 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE, Asdo JAVIER JORGE CASTIÑEIRA
(documento asinado electronicamente á marxe)